



REPARANDO UN ESQUECEMENTO: UN POEMA MÁIS SOBRE O CASTRO DE VILADONGA

Felipe Arias Vilas

Manuel Cuba Rodríguez

Cando publicabamos neste Boletín *CROA* (nº 27-2017, “Textos galegos de creación literaria sobre o Castro de Viladonga”, páxs 70-79) unha compilación da prosa e dos poemas dedicados a este conxunto patrimonial, xa advertiamos que aquela non era exhaustiva e, en efecto, continuando coa esculca en diversas publicacións, algunhas de carácter minoritario e/ou de difícil acceso por razóns moi diferentes, demos agora (cando tiñamos que telo feito antes) con outra achega poética a este xacemento arqueolóxico e ao seu valor histórico e mesmo xa simbólico no ámbito chairego e galego.

Trátase dun poema publicado na páxina 31 do nº 4 (inverno de 1999) da revista *Terra Chá*, subtitulada como *Boletín da cultura galega. Órgao -sic- das Brigadas en defensa do Patrimonio Chairego*, publicación de gran mérito da que viron a luz sete números entre 1997 e 2002, en boa medida polos afáns e o traballo do chairego begontés Fernán López Álvarez, incansable activista cultural daqueles anos do cambio de milenio e non só naquela ben intencionada asociación patrimonialista.

O autor do poema, Paulo Martínez-Lema, de Damil (Begonte), licenciouse en Filoloxía Galega pola USC en 2005, obtendo o Premio Fin de Carreira, e fixo a tese doutoral sobre a toponimia medieval na documentación do tombo do mosteiro de Toxosoutos, logo publicada en 2008. Vinculado ó Instituto da Lingua Galega, participou en numerosos simposios e congresos e ten unha abundante produción científica, especialmente sobre toponimia e antroponimia, ademais dunha produción literaria con varios premios en certames galegos así como numerosas colaboracións en revistas e libros, entre eles o da súa autoría individual *As Crónicas Chairegas* (Fundación Manuel María, 2008).

Velaquí o seu poema (respéctase o texto orixinal de 1999), titulado *Viladonga* e subtitulado *Homenaxe ó castro de Viladonga*:

A lumieira do pasado
respira o brillo de pedra;
aínda se escoita o acento rancio
dun vello guerreiro
sepultado na cinsa daquel solpor
que nós desfollamos coa luz dos ollos.
Viladonga.
Onde a ruína vive
e pregoa as liñas da paisaxe.
E unha frauta que non existe
crea a harmonía da orballada.
A choiva fende o ar
dun novo día de primavera,
e revive a lenda
acubillada no silencio lítico,
no mutismo infindo
dos que ergueron hastas de névoa.
Na Chá a néboa é deusa,
e tamén a lúa, e a música,
e os cantos dos paxaros...
e a memoria dos vellos
adora aínda o metal da lúa,
o sabor frío das noites célticas
quencidas coa fogueira que atizan
ouveos lonxanos, historias esquecidas,
sorrisos perdidos.
Mailoc sorrí no ceo.
Viladonga.
Un mencer. O vento.
O sorriso dos antigos
deitado na alma dunha chaira.